

PROPOSTA DE ACTIVIDADES PARA O ALUMNADO QUE NON OPTE POLA ENSEÑANZA DA RELIXIÓN CATÓLICA.

Esta proposta baséase nunha serie de módulos de duración e secuenciación variable, segundo criterio do profesorado que imparta esta materia en cada curso lectivo.

Con este documento preténdese:

A. Realizar unha proposta que respete a lexislación vixente, pola cal a hora de A.E. non pode consistir nun tempo para reforzar outras materias, estudar, preparar exámes, facer a tarefa... nin versar sobre os contidos de outras materias, nin os que correspondan á titoría ou orientación.

B. Dotar á materia de Atención Educativa dun contido concreto.

C. Lograr que a materia de A.E. sexa de aproveitamento educativo para o alumnado.

D. Servir de guía para facilitar a preparación da mesma por parte do profesor/a que sexa designado para impartila cada curso lectivo.

A pesar de que esta materia non vai a rematar cunha calificación para o alumnado, o profesor/a a cargo de impartila deberá seleccionar algunhas actividades concretas (dentro das que se van propoñer nese documento) e, con elas, marcar uns obxectivos mínimos a acadar, facer un seguimento da participación do alumnado e valorar o grao de aproveitamento das sesións. Con esta información estará en condicións de ampliar, modificar ou eliminar os contidos aquí recollidos.

Os obxectivos básicos buscados serían:

1. Afianzar as capacidades dos alumnos no aspecto físico, afectivo, cognitivo, comunicativo e cívico, proporcionándolles maior autonomía e integración social.

2. Fomentar a participación dos alumnos no contexto no que se move a vida adulta: vida doméstica, utilización dos servizos da comunidade, disfrute do ocio e tempo de lecer, etc.

3. Potenciar hábitos vinculados á saúde, seguridade persoal e equilibrio afectivo.

Propoñemos, como lista aberta de posibles contidos, os seguintes obradoiros:

I	Hixiene persoal básica.
II	Educación vial.
III	Convivencia e resolución de conflitos.
IV	O grupo: roles, a dependencia. Amistad e compañerismo.
V	Obradoiro de informática útil.
VI	O reciclaxe de materiais.
VII	Obradoiro de medio ambiente.
VIII	Obradoiro de dereitos humanos.
IX	Obradoiro de Interculturalidade.
X	Obradoiro de prensa.
XI	Obradoiro de radio ou televisión.
XII	Obradoiro de fotografía.
XIII	Ciclos de cine-video.
XIV	Obradoiro de supervivencia doméstica.
XV	Obradoiro de bricoreciclaxe.
XVI	Obradoiro de gastronomía.
XVII	Obradoiro de teatro.
XVIII	Tareas de apoio á biblioteca escolar.
XIX	Obradoiro de músicas do mundo.
XX	Obradoiro de xogos do mundo.

A idea é que se traballe un obradoiro por trimestre, aínda que poderían estenderse máis, si as posibilidades de traballo e o interese do alumnado así o indicasen. Queda a cargo de cada profesor/a dotar de contidos e actividades concretas ó(s) obradoiro(s) elixido(s).